

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

ORDE do 24 de xullo de 2019 pola que se establecen as bases do Premio á innovación bibliotecaria de Galicia e se convoca para o ano 2019 (código de procedemento CT237A).

As bibliotecas constitúen servizos culturais e informativos da máxima relevancia para unha sociedade avanzada. A través delas posibilitase o cumprimento de importantes mandatos como son o acceso da cidadanía á cultura, a información e a educación libre e gratuíta.

A Consellería de Cultura e Turismo, de conformidade co Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, asume as competencias de promoción e difusión da cultura, para potenciar a imaxe das bibliotecas e o fomento do acceso igualitario á cultura para toda a cidadanía a través da lectura. Así mesmo, compételle a xestión administrativa e a organización de axudas e instrumentos de colaboración coas corporacións locais en materia de bibliotecas.

A Consellería de Cultura e Turismo, segundo o establecido na Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, como órgano de dirección e coordinación do Sistema galego de bibliotecas, correspóndelle coordinar a adaptación aos cambios tecnolóxicos, sociais e profesionais que afecten os servizos bibliotecarios.

Neste sentido e co obxecto de promover e poñer en valor os cambios substanciais que se están a desenvolver nas bibliotecas públicas co fin de satisfacer as necesidades dos seus usuarios, a Dirección Xeral de Políticas Culturais pretende recoñecer o labor das bibliotecas coa creación dun premio aos proxectos ou boas prácticas innovadores que se están a realizar nas bibliotecas públicas galegas.

DISPOÑO:**Artigo 1. Convocatoria**

Convócase o Premio á innovación bibliotecaria de Galicia para o ano 2019 e establécense as bases reguladoras polas que se rexerá a súa concesión (código de procedemento CT237A).



Artigo 2. Obxectivo

Ten como obxectivo impulsar e visibilizar os proxectos e boas prácticas levados a cabo polas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas municipais de Galicia, que busquen resultados positivos para a persoa usuaria, que sexan pertinentes e adecuados ao contexto local onde se implantan. Deberán ser sustentables no tempo e fomentar a réplica nunha situación distinta pero en condicións similares. Deberán ser innovadores.

Entenderase que a innovación non só implica unha nova acción senón un modo diferente e creativo de realizar prácticas tradicionais ou de reorganizalas.

Para os efectos desta norma, considéranse proxectos:

O conxunto de actividades concretas, interrelacionadas e coordinadas entre si cun obxectivo común, que se realizan co fin de producir determinados bens ou servizos capaces de satisfacer necesidades ou resolver problemas.

Consideraranse boas prácticas:

Unha experiencia ou actividade sinxela e concreta que xurde como resposta a unha situación que é necesario modificar ou mellorar.

Non terán a consideración de proxecto ou boas prácticas as memorias de actividades dunha biblioteca ou a suma de accións individuais sen interrelación entre elas coa área elixida para o proxecto.

Artigo 3. Entidades beneficiarias

1. Poderán ser beneficiarias desta subvención todas as entidades locais ou agrupacións de concellos de Galicia que:

a) Sexan titulares de bibliotecas ou axencias de lectura pública integradas na Rede de bibliotecas de Galicia.

b) Estean ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non teñan pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o demais requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.



c) Teñan cumprido o establecido no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

2. Tamén poderán ser beneficiarias destas axudas as agrupacións de concellos para a prestación de servizos bibliotecarios comúns. As agrupacións de concellos deberán estar debidamente acreditadas de conformidade co disposto no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e os concellos integrantes da agrupación deberán cumprir, individualmente, os requisitos establecidos na presente orde.

Deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe do premio que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. Deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, no suposto de resultar premiado, lle corresponden á agrupación. Esta agrupación non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da citada lei.

3. Non poderán ser beneficiarias destas axudas aquelas entidades locais que se atopen nalgún dos supostos previstos nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4. *Premio, contía e financiamento*

1. Establécese un único premio de 3.000,00 € e un distintivo de biblioteca innovadora, que se poderá colocar nun lugar visible da súa biblioteca, no seu blog, páxina web ou noutros recursos dixitais.

2. O premio concederase con cargo á aplicación orzamentaria 11.20.432A.760.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

3. O proxecto gañador e os finalistas subiranse ao parágrafo Ideas e Boas prácticas da páxina web da Rede de bibliotecas de Galicia e publicitarase polas canles de que dispón a Consellería de Cultura e Turismo.

Artigo 5. *Procedemento e normativa reguladora*

1. O premio concederase por concorrencia competitiva, segundo o procedemento baseado no artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



2. O procedemento iniciárase de oficio coa publicación no *Diario Oficial de Galicia* da correspondente convocatoria pública, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. As solicitudes, a súa tramitación e concesión axustaranse a estas bases e ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

4. En todos aqueles aspectos non previstos nas devanditas normas reixerá, con carácter supletorio, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou calquera outra disposición normativa que, pola súa natureza, puidese resultar de aplicación.

Artigo 6. *Concorrencia das axudas*

A subvención concedida ao abeiro desta convocatoria é compatible con calquera outra que puidese ser concedida para a mesma finalidade. Non obstante, o importe da axuda en ningún caso poderá superar, illadamente ou en concorrencia con subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da acción que levou a cabo a entidade beneficiaria.

Artigo 7. *Proxectos ou boas prácticas*

Os proxectos ou boas prácticas que se presenten deben estar xa executados e desenvolvidos por algunha das bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas municipais galegas e relacionados coas seguintes áreas:

- Aprendizaxe ao longo da vida, competencias informacionais e dixitais.
- Biblioteca dixital e redes sociais.
- Cohesión e inclusión social.
- Posta en funcionamento de servizos innovadores.
- Sustentabilidade ambiental.
- Igualdade entre homes e mulleres e a loita contra a violencia de xénero.
- Contribución aos obxectivos da Axenda 2030.



Artigo 8. *Presentación de solicitudes*

1. As entidades locais de Galicia poderán presentar un máximo de dous proxectos ou boas prácticas postos en marcha polas súa biblioteca e/ou axencia de lectura da súa titularidade.

2. A solicitude irá dirixida á Dirección Xeral de Políticas Culturais da Consellería de Cultura e Turismo.

3. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> (código de procedemento CT237A).

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 9. *Prazo de presentación de solicitudes*

1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Para estes efectos, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o derradeiro día do mes.

2. Non serán admitidas en ningún caso solicitudes presentadas fóra do prazo e da forma establecidos na presente orde.

Artigo 10. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. As persoas interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude (anexo I), a seguinte documentación complementaria:

1.1. Ficha do proxecto: cubrir anexo I:

Nome do proxecto ou boa práctica.



Área ou áreas en que se enmarca o proxecto.

Obxectivos do proxecto.

Metodoloxía.

Finalidade.

1.2. Memoria descritiva do proxecto ou boa práctica:

Descrición pormenorizada.

Desenvolvemento e resultados.

Criterios e procedementos de avaliación da súa efectividade.

Posibilidades de prolongación e/ou mellora do proxecto.

Ligazóns á documentación e ao proxecto presentado.

Os datos do proxecto poderán completarse con fotografías, vídeos, e calquera outro material que sirva para contextualizalo e apoialo documentalmente.

A memoria deberá presentarse en galego, segundo as normas ortográficas establecidas pola Real Academia Galega e non poderá exceder as 15 páxinas numeradas a unha soa cara (10 se é a dobre cara), en tamaño A4, con interliñado sinxelo e cun tamaño de letra, como mínimo, de 12 puntos.

Non se aceptarán proxectos que non se adecúen ao esquema descrito.

1.2. Copia do certificado da remisión ao Consello de Contas de Galicia da conta xeral do exercicio 2017. Só no caso de non ter solicitado outra axuda convocada no ano 2019 pola Dirección Xeral de Políticas Culturais para bibliotecas e/ou axencias de lectura.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

CVE-DOG: pblbfg9-d8r1-k7h8-tcs2-soorvkhtban2



Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 11. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 12. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- Certificacións da AEAT, da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e da consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, referido ás entidades locais.

- Consulta de concesións de subvencións e axudas.

- Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.



2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a estas consultas, deberán indicalo nos correspondentes recadros habilitados para tal efecto na solicitude e, ao mesmo tempo, achegar os documentos oportunos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 13. *Emenda das solicitudes*

Se a documentación presentada é incompleta ou presenta erros emendables, requírase o solicitante para que, no prazo de 10 días hábiles, rectifique a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se lle terá por desistido da súa solicitude, segundo o disposto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, logo de que se dite a oportuna resolución ao abeiro do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 14. *Notificacións e desestimación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.



4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico practicarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. O prazo máximo para ditar e notificar aos interesados a resolución expresa non poderá superar os cinco meses, segundo establece o artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O prazo computarase a partir do día da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

A persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo ao vencemento do prazo máximo sen que se notifique a resolución expresa.

Artigo 15. *Comisión de Avaliación*

As solicitudes presentadas serán avaliadas por unha comisión de avaliación do Premio á innovación bibliotecaria de Galicia, coa seguinte composición:

– O/a titular da Dirección Xeral de Políticas Culturais ou persoal da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do libro en quen delegue, que actuará como presidente/a da comisión.

– O/a titular do Servizo do Sistema de Bibliotecas (vogal).

– 2 bibliotecarias/os en representación das bibliotecas públicas xestionadas pola Concellería de Cultura e Turismo (vogais).

– 2 bibliotecarias/os en representación das bibliotecas públicas municipais (vogais) de concellos que non presentasen candidaturas ao premio.

– 1 representante dunha asociación profesional de bibliotecarios/as (vogal).

– 1 funcionaria/o da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do libro que actuará como secretaria/o da comisión, con voz e sen voto.



Os membros da comisión serán designados pola persoa titular da Dirección Xeral de Políticas Culturais e publicaranse no prazo máximo de 20 días desde a publicación desta orde na páxina da web da Rede de bibliotecas públicas de Galicia (<https://rbgalicia.xunta.gal>).

A proposta de proxecto ou boa práctica premiada corresponderá ao órgano instrutor, logo de informe da Comisión de Avaliación do premio que valorará os proxectos presentados segundo as bases do premio.

Artigo 16. Criterios de valoración dos proxectos ou boas prácticas

Para a selección dos proxectos e boas prácticas teranse en conta os seguintes criterios de valoración:

1. Carácter innovador ou orixinalidade, adaptación á contorna e implicación da comunidade no deseño e desenvolvemento do proxecto ou boa práctica (10 puntos).

Valorarase globalmente a orixinalidade, creatividade, pertinencia, carácter innovador e pioneiro do proxecto e boa práctica, entendendo por innovadores aqueles proxectos que non se tivesen realizado con anterioridade ou que incorporen elementos orixinais que integren elementos característicos da contorna en que se sitúa a biblioteca e/ou axencia de lectura pública municipal e capacidade para implicar a comunidade que serve na elaboración do proxecto (por exemplo, a creación dun espazo *maker* relacionado coa actividade económica da localidade, promocionar a cooperación interxeracional para a adquisición de competencias dixitais ou informacionais, etc.).

Creatividade e orixinalidade (5 puntos).

Adaptación á contorna (2,5 puntos).

Participación da comunidade no deseño e desenvolvemento do proxecto ou boa práctica (2,5 puntos).

2. Alcance e relevancia para diferentes tipoloxías e colectivos das persoas usuarias (5 puntos).

Valorarase a súa utilidade para diferentes colectivos de persoas usuarias:

Persoas con diversidade funcional.



Necesidades especiais (migrantes, minorías étnicas, minorías lingüísticas etc.).

Colectivos en risco de exclusión social.

Adultos e terceira idade.

Infantís e xuvenís.

Asignarase un punto por cada unha das tipoloxías e colectivos destinatarios do proxecto, podéndose sumar as diferentes tipoloxías ata o máximo de 5 puntos.

3. Medidas empregadas para darlle publicidade ao proxecto ou boa práctica e aos resultados obtidos (3 puntos).

Dentro da biblioteca (carteis, folletos informativos, vídeos, etc.) (1 punto).

Fóra da biblioteca (redes sociais, blogs, anuncios en prensa, radio, televisión, etc.) (2 puntos).

4. Participación activa no proxecto ou boa práctica doutros sectores e/ou institucións (5 puntos).

Participación de asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro (de veciños, comerciantes, deportivas, etc.).

Participación de asociacións e institucións culturais (museos, bibliotecas, arquivos, de persoeiros ilustres, etnográficas, etc.).

Participación doutras entidades administrativas (local, supramunicipal, provincial, autonómica, estatal e europea).

Participación de centros educativos e de formación (colexios, institutos, centros de formación profesional, universidades, academias, etc.).

Participación do sector socio-sanitario (centros de atención primaria, hospitais, centros de atención a emigrantes, drogodependentes, institucións benéficas, residencias e centros de terceira idade, etc.).

Participación do sector empresarial.



Asignarase un punto pola participación no proxecto de cada un destes sectores ou institucións, podéndose sumar as diferentes categorías ata o máximo de 5 puntos.

5. Dificultade técnica e/ou tecnolóxica (5 puntos).

Emprego de tecnoloxía audiovisual e sonora (vídeos, *stop motion*, animación, recursos musicais, sonoros, radio e TV, etc.).

Emprego de tecnoloxía informática (3d, deseño gráfico, realidade aumentada, etc).

Emprego das redes sociais (twitter, youtube, facebook, instagram, etc).

Creación dun recurso web, blog, etc., específico para o proxecto.

Outros.

Asignarase un punto cada categoría podéndose sumar as diferentes categorías ata o máximo de 5 puntos.

6. Posibilidade de réplicas do proxecto ou boa práctica (2,5 puntos).

Posibilidade de trasladar o proxecto ou boa práctica a outras bibliotecas (2,5 puntos).

7. Beneficios e resultados obtidos (impacto, indicadores empregados para a avaliación) (3 puntos).

Impacto socioeconómico para a contorna (1 punto).

Impacto no servizo bibliotecario (aumento do número de visitas, aumento do número de préstamos, aumento do número de socios, etc) (1 punto)

Emprego de indicadores para avaliar a igualdade entre homes e mulleres (1 punto)

8. Repercusión en medios de comunicación (prensa, radio e televisión) e redes sociais non propias da biblioteca ou concello (twitter, facebook, instagram, youtube, etc.) (3 puntos).

Repercusión en medios de comunicación locais, provinciais e autonómicos (1 punto).

Repercusión en medios de comunicación estatais (1 punto).

Repercusión en redes sociais non propias da biblioteca ou concello (1 punto).



9. Agrupación de concellos para a prestación de servizos bibliotecarios (2 puntos).

Artigo 17. *Resolución*

1. Á vista da deliberación da Comisión de Avaliación e o seu informe, en que se concretará a solicitude para o outorgamento do premio, a Dirección Xeral de Políticas Culturais, como órgano xestor, fará a proposta de resolución que elevará á persoa titular da Consellería de Cultura e Turismo.

2. A persoa titular da Consellería de Cultura e Turismo, no prazo de 15 días desde a elevación da proposta de resolución da Dirección Xeral de Políticas Culturais, ditará a resolución de concesión de acordo co disposto no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. A resolución coa candidatura gañadora publicarase no *Diario Oficial de Galicia*. Así mesmo, farase pública no portal da Rede de bibliotecas de Galicia (<http://rbgalicia.xunta.gal>) e na páxina web oficial de Cultura (<https://www.cultura.gal>). Esta publicación substituirá a notificación persoal e producirá os mesmos efectos.

4. O prazo máximo para ditar e notificar aos interesados a resolución expresa non poderá superar os cinco meses, segundo establece o artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O prazo computarase a partir do día da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

A persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo ao vencemento do prazo máximo sen que se notifique a resolución expresa.

5. Publicada a resolución definitiva polo órgano competente, a entidade beneficiaria dispoñerá dun prazo de 10 días para a súa aceptación. Transcorrido este sen que se produza manifestación expresa, entenderase como tacitamente aceptada, agás que no mesmo prazo se comunique de xeito formal e expreso a renuncia á subvención concedida, debidamente asinada polo representante da entidade beneficiaria.

Artigo 18. *Recursos*

Contra os actos resolutivos que esgotan a vía administrativa o interesado poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a recepción da notificación da resolución ou, potestativamente, interpoñer, no prazo dun mes desde a recepción da resolución, recurso de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura e Turismo.



Artigo 19. *Xustificación e pagamento*

O premio outorgado por estas bases será aboado dentro do exercicio 2019, unha vez que quede debidamente acreditada a identidade da biblioteca e/ou axencia de lectura municipal gañadora. Así mesmo, e ao resultar que o requisito de achega da documentación necesaria para a xustificación e cobramento do premio xa foi cumprido mediante a presentación da solicitude de participación, non será necesario presentar ningunha outra documentación complementaria para a súa liquidación.

Artigo 20. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación da persoa beneficiaria e o importe da axuda concedida. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

3. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición adicional única. *Información básica sobre protección de datos persoais*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Turismo, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento



incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Disposición derradeira primeira. *Facultade para resolver*

Facúltase ao director xeral de Políticas Culturais, no ámbito das súas competencias, para emitir as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2019

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura e Turismo

CVE-DOG: pblbfg9-d8r1-k7h8-tcs2-soorvkhban2




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PREMIO Á INNOVACIÓN BIBLIOTECARIA DE GALICIA	CT237A	SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE							
ENTIDADE LOCAL						NIF	
TIPO	NOME DA VÍA				NÚM.	BLOQUE	ANDAR
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Notifíquese a: ☐ Entidade solicitante ☐ Persoa ou entidade representante	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal. Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

BIBLIOTECA PÚBLICA QUE PRESENTA O/OS PROXECTO/S OU BOA/S PRÁCTICA/S							
NOME DA BIBLIOTECA							
TIPO	NOME DA VÍA				NÚM.	BLOQUE	ANDAR
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

ANEXO I
(continuación)

PROXECTO OU BOA PRÁCTICA

RESUMO DO PROXECTO OU BOA PRÁCTICA (campo obrigatorio 15 a 20 liñas)

PROXECTO OU BOA PRÁCTICA

RESUMO DO PROXECTO OU BOA PRÁCTICA (campo obrigatorio 15 a 20 liñas)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que solicita esta subvención.
☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Ter cumprido o establecido no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

7. Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega:

☐ SI ☐ NON

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: pblbf9-d8r1-k7h8-tcs2-soorvkhban2


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMOANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Memoria descriptiva do/dos proxecto/s ou boa/s práctica/s que se presenta/n
- ☐ Copia do certificado da remisión ao Consello de Contas de Galicia da conta xeral do exercicio 2017 (só no caso de non ter solicitado outra axuda convocada no 2019 pola Dirección Xeral de Políticas Culturais para bibliotecas e/ou axencias de lectura)

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	☐
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	☐
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Atriga	☐
Consulta de concesións de subvencións e axudas	☐
Consulta de inhabilitación para obter subvencións e axudas	☐

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais
Actualización normativa: no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.	

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 24 de xullo de 2019 pola que se establecen as bases do Premio á innovación bibliotecaria de Galicia e se convoca para o ano 2019 (código de procedemento CT237A).

SIGNATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


Xacobeo 2021

Dirección Xeral de Políticas Culturais

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>